




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: San Xulián de Malpica de Bergantiños. Extensión: 1,15 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A península de Santo Adrián está formada por un monte macizo, o Monte Beo, de 182 m de altitude, con pendentes elevadas e vertentes bastante regulares. A costa leste contén paredes acantiladas baixas e inclinadas, e vertentes superiores graduais que van aumentando a pendente a medida que se ascende. Hai que incluír a excepción dos acantilados da propia ermida, nos que a parede é moito máis potente. Existen plataformas e praias de croios ao pé. Inclúe o EIX Depósitos antigos costeiros da Península de Santo Adrián.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade, herciniana, modélase en ortogneises e na parte SE aparece un granito cataclástico de dúas micas. No extremo SE aparecen xistos e gneises albiticos do Dominio da Foxa Blastomilonítica, de idade precámbrico-silúrica, ademais dun dique pegmo-aplítico.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada con temperatura media anual que supera os 14° C e precipitacións medias acumuladas entre 1000 mm e 1200 mm. A oscilación térmica acada valores medios entre 12,5° C e 13,5° C. O ambiente climático é por iso Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

A península de Santo Adrián presenta solos moi pobres debido á superficialidade do macizo granítico e a notable pendente das súas ladeiras. O tipo é un leptosol lítico. Na vertente meridional, en transición cara aos solos máis evolucionados das partes baixas, aparece un umbrisol dístrico.


AS AUGAS

Tramo acantilado carente de rede fluvial significativa. Tan só se chegan a formar pequenas valgadas de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída completamente no LIC Costa da Morte. Fronte acantilada que desenvolve o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos. Pero, ademais, en plataformas e coídos aparece o 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. A existencia dalgunhas grutas suma o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas. Sobre as paredes, as vertentes conteñen os hábitats 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Unha valgada ao sudoeste do vertedoiro mantén dous mínimos rodais de árbores ripícolas (91E0). Zona incluída no inventario de áreas de importancia para as aves (IBA).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maioría do espazo da unidade está recuberta de formacións vexetais costeiras precedidas dun sector acantilado de gran beleza. No medio destas zonas de matogueira aparecen pequenas zonas hidromorfas asociadas ao paso dalgún regato visible nos meses invernales e algún rodal de piñeiros ligado a actividades silvícolas.

MORFOLOXÍA

A unidade destaca polas súas características xeomorfolóxicas e pola ausencia de núcleos de poboación dentro deste espazo costeiro. Destaca, como edificación, a Ermida de Santo Adrián, de gran devoción na bisbarra. Polo que se refire ao parcelario, dicir que está oculto pola vexetación actual. Así e todo, nos lugares máis próximos á costa, onde o seu porte é menor, é posible distinguir muros de pedra que delimitan os campos, o que lle confire a este espazo un gran valor etnolóxico.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade non hai presenza de estradas ou liñas de comunicación relevantes. Só existen pequenas pistas forestais que sucana a unidade dende o interior cara á fronte costeira empregadas polos campesiños para ir á Ermida de Santo Adrián ou simplemente para gozar da paisaxe desta costa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A Ermida de Santo Adrián e o seu cruceiro anexo constitúen dous vivos exemplos da arquitectura relixiosa propia da costa galega. Nela celébrase unha romaxe cada 16 de xuño na que os fieis van dende a igrexa parroquial de San Xulián en Malpica ata a ermida situada no cabo do mesmo nome para rematar a procesión no cruceiro anexo á capela. Goza de gran tradición na zona e é seguida por centos de persoas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As características naturais e topográficas son as que definen o crecemento e presenza das especies, así como a súa distribución. Nesta unidade predominan os aspectos naturais e ecolóxicos. Trátase dunha paisaxe onde a presión antrópica é mínima, o que permite gozar dun ámbito natural excepcionalmente ben conservado.

DINÁMICA DA PAISAXE

A mediados do século pasado a unidade estaba tapizada por un mosaico de parcelas, pradarias na súa maioría, que se foron abandonando dada a escasa potencia e produtividade do solo. Na actualidade o crecemento espontáneo da vexetación foi pouco a pouco borrando a rede de sendeiros existente, que servía para acceder aos antigos campos de cultivo, ata a deixala reducida a unha serie de pistas forestais.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun espazo de costa moi recortado, con paredes e vertentes convexas moi potentes, enmarcada por un fondo escénico de alto valor ecolóxico onde os efectos derivados da presenza humana son moi reducidos. Están, polo tanto, ante un lugar que presenta unhas moi boas condicións ambientais e paisaxísticas de partida, cunha fronte costeira recollida pola Rede Natura 2000 e que, ademais dos elementos propiamente naturais, conta con altos valores culturais ligados á Romaxe de Santo Adrián e aos festexos e tradicións que se dan cada verán na súa honra. Propónse como punto de observación da unidade a Ermida de Santo Adrián, debido a ampla conca visual que ofrece.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



